



SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Expediente: 2025000037985

ASUNTO: Modificación da Relación de postos de traballo 2026.

A prevención de riscos laborais como actuación a desenvolver no seo da Deputación, debe proxectarse nos procesos técnicos, na organización do traballo e nas condicións en que se preste.

A avaliación dos riscos dos distintos postos de traballo, a adopción de medidas preventivas, a eliminación ou redución do risco, mediante medidas de prevención na orixe, organizativas ou de protección individual ou colectiva está íntimamente ligada á valoración dos postos de traballo que ten en conta factores como a perigosidade, a penosidade, o traballo a turnos, o traballo nocturno ou a condución de vehículos, e que se realiza polo servizo de recursos humanos.

É polo tanto fundamental que a valoración dos postos de traballo e a posibilidade de que o/a traballador/a que o ocupe ou vaia a ocupalo non sexa especialmente sensible polas súas características persoais ou estado biolóxico se realice dende o servizo de recursos humanos.

Por todo isto, en virtude do disposto no artigo 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, realízase a proposta de integrar a actual sección de prevención de riscos laborais no servizo de recursos humanos.

A Coruña, 9 de outubro de 2025

O deputado delegado de facenda, especial de contas, recursos humanos e avance dixital

Asdo. José Ramón Riobóo Castro